

A MITICULTURA GALEGA DESDE A PERSPECTIVA DA ECONOMÍA SOCIAL

GONZALO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ
Departamento de Economía Aplicada
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 10 de decembro de 2001

Aceptado: 18 de setembro de 2003

Resumo: O presente artigo ten por obxecto analiza-lo emprego que a miticultura galega realiza da forza de traballo, considerando tanto aspectos productivos coma socioeconómicos. Tal propósito require a comprensión tanto de aspectos materiais, tales como o volume de ocupación nas diversas categorías do emprego, como inmateriais, constituídos por unha cultura productiva específica mediante a que esta actividade afronta os retos da supervivencia e da competencia. En particular, o cultivo de mexillón optou por un modelo intensivo en man de obra, característica, en xeral, propia das empresas de economía social, nas que a relación entre eficiencia e redistribución rara vez se resolve cun equilibrio perfecto, tendendo a predominar a función redistributiva. Tal elección permitiu a supervivencia desta actividade. Na actualidade, e dentro da continua busca dese equilibrio, esta actividade ten un importante reto de mellora da eficiencia; cuestión que, como veremos, pode resolverse non só respectando a noción de economía social, senón aprofundando aínda máis nela.

Palabras clave: Miticultura / Acuicultura / Eficiencia / Redistribución / Economía social.

THE GALICIAN MUSSEL CULTURE FROM THE PERSPECTIVE OF THE SOCIAL ECONOMY

Abstract: The objective of this paper is to analyse the employment in the Galician mussel farming, considering socioeconomics and productive aspects. This analysis requires of a clear understanding of material aspects, such as the number of employees in each category, as well as immaterial aspects constituted by a specific productive culture by means of which this activity confronts the challenges of the survival and the competition.

The mussel farming is labour intensive, a proper characteristic of the companies of social economy, in which the relation between efficiency and redistribution rarely is balanced, predominating the redistributive function. Such election allowed to the survival of this activity. At the present time, and within the continuous search of this balance, this actividade activity has an important challenge of improvement of the efficiency. Question which, as we will see, it can be solved not only respecting the notion of social economy, but still deepening more in it.

Keywords: Mussel farming / Aquaculture / Efficiency / Redistribution / Social economy.

1. INTRODUCCIÓN

O presente artigo ten por obxecto analiza-lo emprego que a miticultura galega realiza da forza de traballo, considerando tanto os aspectos productivos coma os socioeconómicos do seu particular modo de produción. Tal propósito require a comprensión dos coñecementos de tipo contextualizado, derivados da cultura productiva propia, dos que ó longo do tempo esta actividade se dotou para afronta-la competencia nos mercados, xa que isto supón aspectos inmateriais que resultan di-

ficiles de medir pero que, non obstante, contribúen á mellora da eficiencia e da produtividade.

En canto á economía social, carecemos dunha definición unanimemente aceptada (Monzón, 1987; Defourny, 1987) coa que contrasta-las características da actividade que estamos a tratar; non obstante, existen dous aspectos relevantes nos que parecen coincidi-los diversos autores. En primeiro lugar, o obxectivo das iniciativas de economía social, relativo a integra-la produción en termos de eficiencia económica coa redistribución equitativa da renda, mediante o que se conseguiría o benestar social. E, en segundo lugar, o tipo de figuras que formarían parte da economía social: cooperativas, asociacións, ONG, determinadas iniciativas locais, etc. Deste conxunto coñecemos algúns elementos, pero as súas fronteiras non están, nin moito menos, perfectamente definidas.

Resulta evidente que as figuras mediante as que de xeito predominante se articula o sistema productivo da miticultura (cooperativas, asociacións, agrupacións de produtores, etc.) forman parte da economía social. A cuestión está en se esta cualificación se pode estender a esta actividade no seu conxunto.

Nese sentido, os vínculos que as diversas figuras de economía social e unidades productivas van establecendo entre si mediante formas asociativas, xunto cunha estrutura da propiedade e mesmo con algúns elementos organizativos que garanten unha redistribución equitativa da renda, permítennos incluír esta actividade dentro da economía social. Así, fronte a unha maioría dos casos nos que a articulación que presentan entre si as empresas de economía social é escasa (Monzón, 1987), na miticultura en Galicia abranguen o conxunto da actividade.

Dentro do proceso evolutivo seguido ata a situación actual é obvio que se optou por un modelo intensivo en man de obra, característica en xeral propia das empresas de economía social, xa que a relación entre eficiencia e redistribución rara vez se resolve cun equilibrio perfecto, tendendo a predomina-la función redistributiva. Tal elección permitiu a supervivencia da actividade. Así e todo, actualmente e dentro da continua busca dese equilibrio esta actividade ten un importante reto de mellora da eficiencia; cuestión que, como veremos, pode resolverse non só respectando a noción de economía social senón afondando aínda máis nela.

Este método de produción en absoluto pretende ser universalizable, en primeiro lugar porque responde a un camiño evolutivo específico e, en segundo lugar, porque se basea en boa medida en coñecementos contextualizados¹, propios do territorio produtor. Tampouco se pretende que poida resolver todo tipo de problemas económicos e sociais e mesmo neste texto quedan patentes algúns dos problemas ou limitacións que debe afrontar. Calquera que sexa o modelo polo que se opte sempre se cuestionará a elección entre diversos fins últimos.

¹ Empregamos este concepto no sentido de Becattini e Rullani (1996).

2. METODOLOXÍA

A realización deste artigo é debedora das liñas de investigación seguidas polo Grupo de Investigación en Economía Pesqueira da Universidade de Santiago de Compostela, tanto polo emprego da información publicada nas *Táboas Input-Output da Pesca-Conserva Galegas, 1995* (TIOPC 95 en adiante), como, máis aínda, pola disposición da información recollida mediante as enquisas practicadas para a confección das táboas para os efectos de obter coñecementos engadidos de cara a futuras investigacións do grupo, en particular da información relativa ó emprego².

Para os efectos metodolóxicos cómpre indicar que a poboación estudada está constituída polas explotacións mexilloeiras galegas, sendo o marco da mostraxe o censo oficial de bateas da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, no que se recollen 3.337 bateas correspondentes a 2.094 explotacións no ano 1995. Estas explotacións foron divididas en estratos co fin de practicar unha mostraxe aleatoria estratificada, xa que na poboación existen grupos claramente diferenciados (García Negro, 1997).

Táboa 1.- Estratificación da poboación, 1995

	Nº EXPLOTACIÓNS	Nº BATEAS
Estrato 1: 1 a 2 bateas	1984	2257
Estrato 2: 3 a 9 bateas	180	701
Estrato 3: máis de 10 bateas	20	316

O erro de estimación fixado foi dun 8% e para un nivel de confianza do 95% o tamaño mostral resultou ser de 69 explotacións de mexillón. Aplicouse a afixación de Neyman para reparti-lo tamaño mostral entre os distintos estratos, e tívose en conta que a varianza dos estratos difire moito entre eles. Así, o estrato 1 queda ben representado cunha mostra de tamaño 43 debido en gran medida á baixa varianza dentro deste, namentres que ó estrato 3, con 20 explotacións e unha elevada varianza, lle correspondeu un tamaño de mostra de 10 explotacións. Finalmente, ó 2º estrato asignáronse 14 explotacións.

Cabe indicar que o caso da ría de Sada foi tratado de forma individual debido á forte concentración da produción nunha soa empresa. Neste caso carecemos, ademais, da composición exacta do emprego que xera; non obstante, e dado que o obxecto do artigo é levar a cabo comparacións para o conxunto dos estratos, consideramos que a modificación que esta circunstancia pode provocar resulta marxinal e que, polo tanto, non condiciona a análise cualitativa realizada en función da información estatística xerada.

² Os termos precisos da información recollida poden consultarse no modelo de enquisas publicado nas TIOPC 95 (García Negro, 1997).

No tocante á análise do mercado laboral empregáronse as categorías correspondentes á metodoloxía da *Enquisa de Poboación Activa* que realiza o INE.

O marco analítico no que englobámo-las análises practicadas sería o estrutural, aínda que incorporámo-la metodoloxía propia da economía social³, así como novas achegas procedentes da teoría do desenvolvemento local⁴.

3. A ESTRUCTURA LABORAL SEGUNDO A TEMPORALIDADE DO EMPREGO

Os pasos iniciais para a comprensión do papel da man de obra serían a determinación do seu volume e a súa caracterización. A estes efectos a primeira clasificación que adoptamos é a que diferencia entre emprego asalariado e non asalariado.

Táboa 2.- A condición laboral, 1995 (en porcentaxe)

	ESTRATO 1	ESTRATO 2	ESTRATO 3	TOTAL
Asalariados	14%	61%	97%	22%
Non asalariados	86%	39%	3%	78%

FONTE: Elaboración propia.

Dos 5.331 empregos que xera o sector, 1.160 son *asalariados* (o 22%) e 4.171 (o 78%) son *non asalariados*. Esta taxa de asalarización resulta claramente inferior á do conxunto da economía galega, así como á da súa contorna económica natural, o sector da pesca, tanto para o conxunto do Estado, no que a taxa de asalarización sería do 77,5%, como para a pesca galega, na que sería do 74,1% en 1995 (Fundación BBVA, 2000).

A remuneración que o factor traballo recibe só é diferenciable no caso dos asalariados, cunha remuneración que, ó longo de 1995, ascendeu a 1.751 millóns de pesetas, dos cales 1.020 se corresponden con *soldos e salarios*, e 731 con *cotizacións á seguridade social*. Este valor representa o 4,41% da remuneración total do sector da pesca-marisqueo. No caso das figuras non asalariadas danse dúas situacións: por unha banda, a das axudas familiares e outras modalidades que carecen de remuneración específica; por outra, os autónomos, cunha remuneración que constitúe rendas mixtas contabilizadas dentro do *excedente bruto de explotación*, de xeito que non é diferenciable qué contía corresponde a rendas do capital puras e cál a rendas do capital e do traballo conxuntamente.

En canto á caracterización da man de obra, temos que o traballo asalariado está integrado polas modalidades de emprego fixo e eventual e o non asalariado engloba

³ Entendemos esta metodoloxía no sentido de Monzón (1987).

⁴ Neste caso adoptámo-lo enfoque de Barquero (1993).

o traballo en réxime de autónomo, axuda familiar e outras modalidades. Nas seguintes táboas dáse conta das cantidades e dos porcentaxes correspondentes a cada modalidade.

Táboa 3.- N° de empregos por modalidades, 1995

	ESTRATO 1	ESTRATO 2	ESTRATO 3	TOTAL
Fixo	325	252	67	643
Eventual	325	90	102	517
Autónomo	2.273	180	5	2.458
Axuda	1.569	36	0	1.605
Outros	108	0	0	108
TOTAL	4.600	558	173	5.331

FONTE: Elaboración propia.

De entre as diversas categorías nas que se clasifica o emprego, destaca a notable preponderancia do traballo en réxime de autónomo, que concentra o 46% do total, valor que practicamente dobra a media da pesca en España (22,5%) e en Galicia (25,9%). Así mesmo, destaca a presenza de figuras sen relevancia estatística no sector pesqueiro tanto galego coma español, como son as axudas familiares, que representan o 30% do emprego. Tal composición determina unha estrutura laboral perfectamente diferenciada na súa contorna productiva. Non obstante, internamente, como veremos, este subsector non é homoxéneo e nel existen fortes diverxencias por estratos.

Táboa 4.- N° de empregos por modalidades, 1995 (en porcentaxe)

	ESTRATO 1	ESTRATO 2	ESTRATO 3	TOTAL
Fixo	7%	45%	38%	12%
Eventual	7%	16%	59%	10%
Autónomo	49%	32%	3%	46%
Axuda	34%	6%	0%	30%
Outros	2%	0%	0%	2%
TOTAL	100%	100%	100%	100%

FONTE: Elaboración propia.

Como se observa nas táboas 3 e 4, o emprego non asalariado concéntrase fundamentalmente no estrato 1 na modalidade de autónomos, e está composto na súa maior parte polos propios propietarios das bateas que realizan os traballos necesarios para o cultivo do mexillón baixo este réxime da Seguridade Social. Consecuentemente, e dentro dunha estrutura productiva como é a do estrato 1, caracterizada pola escaseza de recursos, este estrato concentra tamén a segunda modalidade de emprego non asalariado en importancia: a axuda familiar. Esta estaría formada polos familiares que nas épocas de maior traballo ou nos labores que requiren de

varias persoas colaboran co titular da explotación de maneira puntual. As restantes situacións que podemos atopar no estrato 1 revisten o carácter de excepcionalidades, sendo a norma a situación anteriormente descrita.

A medida que aumenta o tamaño da explotación aumenta tamén a necesidade de emprego e os recursos necesarios para mantelo dunha maneira estable, como veremos na táboa 5. Así, no estrato 3 é anecdótica a presenza de emprego non asalariado, e o emprego asalariado acada o seu máximo peso relativo, cun 97%, ratio equiparable a calquera actividade industrial.

A meirande parte do emprego neste estrato agrúparíase no tipo de emprego eventual, o 59%, xa que a carga de traballo non se reparte homoxeneamente ó longo do ano senón que se concentra en dous ou tres meses, que son nos que se recorre ós contratos eventuais. Mentres que no resto do ano –aínda que os labores, debido ó tamaño da explotación, requiren a presenza constante de traballadores– a carga de traballo dista moito de requirir-la intensidade da época de recollida ou do desdoblamento.

O estrato 2 amosa unha composición intermedia entre os dous casos xa expostos, presentando a porcentaxe de emprego fixo máis elevada (un 45%), un volume relativamente reducido de emprego eventual (un 16%), e un volume de emprego autónomo importante (un 32%). Destes datos podemos inferir que neste tipo de explotacións os labores de carácter temporal se acometen recorrendo fundamentalmente ó traballo de autónomos. Pola contra, no estrato 3 estes labores realizaríanse por persoal asalariado da empresa con contrato eventual e, no outro extremo, no estrato 1, estes labores acometeríanse mediante as axudas familiares de maneira non directamente remunerada. De feito, as maiores porcentaxes de emprego feminino prodúcense na modalidade de contratación eventual nos estratos 2 e 3, no traballo autónomo e nas axudas no estrato 1. Isto significa que os membros da unidade familiar que normalmente non participan de maneira directa na explotación das bateas si se incorporan a estes labores nas épocas de maior carga de traballo.

4. A EFICIENCIA NO EMPREGO DA MAN DE OBRA

O éxito económico de toda empresa implica o requisito de eficiencia. Se aceptamos como obxectivo da empresa o máximo beneficio, temos que aquelas que o conseguen se consideran eficientes (Pinilla, 2001). Ocorre, sen embargo, que na realidade non coñecemos tódalas circunstancias e restricións que afectan á vida da empresa e, polo tanto, ese máximo beneficio teórico resulta difícil de concretar, do mesmo modo que nun mundo imperfecto non existe a eficiencia absoluta. De feito, tódalas empresas producen cun certo grao de ineficiencia. A cuestión está en saber en qué medida esa situación é corrixible mediante a comparación con outras empresas máis eficientes.

Dado que non dispoñemos de información sobre o beneficio da totalidade das unidades produtoras de mexillón, pero si sobre o emprego que realizan dos factores de produción, o que levamos a cabo foi unha medición da eficiencia técnica, entendendo que un método de produción é tecnicamente eficiente se non existe ningún outro que empregue unha cantidade menor cando menos dun factor e unha non maior doutro para producir un determinado output. Neste traballo optamos polo *índice de eficiencia técnica orientada ó input* proposto por Farrell⁵ (1957), tomando como fronteira da eficiencia o estrato 3.

Na medida en que o obxecto deste traballo é o papel da man de obra, excluíremo-la medición doutro tipo de factores. Non compararemos, polo tanto, combinacións de factores, senón a aplicación dun determinado factor. O particular método de produción da miticultura galega posibilita esta decisión xa que emprega unha tecnoloxía absolutamente estandarizada que, xunto coas restriccións normativas e coas naturais, crea un proceso de produción homoxéneo no que non existen diferencias substantivas na combinación de factores empregados para explotacións de dimensión similar.

Existen, iso si, efectos de escala derivados do tamaño das explotacións que no particular contorno desta actividade productiva provoca distintos resultados en termos de eficiencia.

Por outra banda, o output obtido por batea para cada estrato é idéntico, pois este non depende da combinación de factores senón da situación da batea, producíndose a asignación de bateas por criterios administrativos iguais para tódolos estratos. Esta circunstancia definitivamente posibilita a aplicación da medición proposta.

Desde o punto de vista da racionalidade con que é empregado o factor traballo, o resultado acadado non presenta sorpresas, xa que nas explotacións de maior tamaño existe un volume de emprego moi superior ás que contan cun número reducido de bateas. Con todo, esta forza laboral é empregada máis eficientemente, xa que se obtén o mesmo output por batea cun custo asociado ó factor traballo moito máis reducido.

A táboa 5 mostra o número de empregos por explotación, no que é destacable o gran salto cuantitativo existente entre os estratos 1 e 2, e o estrato 3.

Táboa 5.- Emprego por explotación, 1995

ESTRATO	EMPREGO POR EXPLOT.
Estrato 1	2,43
Estrato 2	3,10
Estrato 3	9,11

FONTE: Elaboración propia.

⁵ $ET = X_B/X_A$, no que B é a empresa (neste caso o estrato) que expresa a máxima eficiencia.

O requirimento de emprego por explotación é moito maior no estrato 3; sen embargo, na táboa 6, que mostra o número de empregos por batea segundo estratos, os termos da relación invértense, existindo unhas importantes economías de escala neste estrato que se ven reforzadas polo emprego eficiente do capital fixo, como poden se-las embarcacións auxiliares (Rodríguez, 2001).

Táboa 6.- Eficiencia técnica no emprego da man de obra, 1995

	EMPREGO POR BATEA	ÍNDICE DE EFICIENCIA
Estrato 1	1,72	0,29
Estrato 2	0,67	0,76
Estrato 3	0,51	1

FONTE: Elaboración propia.

O índice de eficiencia proposto permítenos cuantifica-las diferencias por estratos, no que resulta que a eficiencia do estrato 1 é o 29% da do estrato 3, que expresaría a maior eficiencia coñecida ata o momento para o método de produción da miticultura galega. Non obstante, non podemos pechar esta valoración sen precisar un aspecto como é a influencia na medición das axudas familiares, cuestión que nos afectará tanto á hora de medi-la eficiencia como posteriormente no tocante á produtividade.

A información dispoñible mediante as enquisas realizadas para a elaboración das TIOPC 95 só permite coñece-lo número de persoas que toman parte na actividade productiva como axudas familiares, pero non o tempo que dedican a estes labores, aínda que é presumible que esta dedicación é inferior ó tempo completo. Polo tanto, existe unha sobrevaloración do traballo que se concentraría fundamentalmente no estrato 1 e, en menor medida, no estrato 2, o que acentuaría ou sobredimensionaría as diferencias en canto á eficiencia.

Esta medición permítenos constata-la menor eficiencia que presupoñiamos ás explotacións de menor dimensión; ineficacia que se trasladará a uns custos unitarios superiores e, consecuentemente, a unha menor rendibilidade. Indícanos, tamén, a máxima marxe posible de mellora baixo as condicións obxectivas coñecidas actualmente. A cuestión agora é cómo aborda-lo proceso de mellora.

Dado que esa maior eficiencia media está asociada á mellor organización e aplicación do traballo que posibilita a maior escala das explotacións do estrato 3, unha alternativa sería a promoción ou o incentivo de procesos de concentración do capital ata acadar dimensións que posibiliten índices de eficiencia superiores. A outra alternativa sería conseguir economías de escala sen altera-la estrutura da propiedade máis alá do que se derive da propia evolución desta actividade e, polo tanto, mediante procesos de raíz asociativa ou cooperativa. Examinemos estas cuestións.

Dado que a tecnoloxía empregada na miticultura galega está estandarizada e é facilmente imitable, tódolos produtores empregan os mesmos métodos de produc-

ción, polo que é previsible que, incrementando a escala da produción, a eficiencia tendería a aproximarse á das explotacións que actualmente se atopan no estrato 3. Esta evolución posibilitaría a mellora da rendibilidade das explotacións resultantes do proceso e, consecuentemente, favorecería a acumulación nesta actividade. Mais ocorrería tamén que se destruíría emprego, sendo incerta a capacidade do tecido productivo local de chegar a absorber esta man de obra excedentaria, sobre todo tendo en conta as xa de por si elevadas taxas de desemprego que presentan os concellos onde se localiza a produción. Sirvan de exemplo os datos dos concellos da ría de Arousa, nos que se concentra a produción das dúas terceiras partes do mexillón galego, polo que podemos considerala ilustrativa desta cuestión.

Táboa 7.- Taxa de desemprego nos concellos da ría de Arousa, 1996

	TAXA DE DESEMPREGO
Cambados	24,9%
Grove, O	29,7%
Illa de Arousa, A (1)	s.d.
Vilagarcía de Arousa	28,6%
Vilanova de Arousa	30,7%
Boiro	22,6%
Pobra do Caramiñal	26,9%
Rianxo	27,1%
Ribeira	22,9%
(1): Sen datos debido ó proceso de segregación da Illa de Arousa do Concello de Vilanova de Arousa.	

FONTE: IGE (1997).

Polo tanto, aínda que esta medida melloraría a eficiencia, probablemente empeoraría o benestar social ó reducirse o número de persoas que participan da creación e da distribución da riqueza.

Por outra banda, demostrouse que existen diversas formas de organización en rede que poden conseguir economías de escala equivalentes ás que se producen no seo da grande empresa (Vázquez Barquero, 1999). Esta posibilidade resulta particularmente practicable no caso da miticultura galega, xa que esta se caracteriza por unha densa estrutura asociativa que abrangue case a totalidade dos produtores (Rodríguez, 2001).

Non obstante, a maior parte das agrupacións, asociacións e cooperativas que forman parte desta rede centran os seus obxectivos na comercialización e, nalgúns casos, en labores de xestión, polo que non está desenvolto o potencial en canto á mellora na organización da produción. Sen embargo, a existencia dunha cultura e dun substrato asociativo relevante constitúe unha base axeitada para a incorporación de novas funcións que contribúan á mellora da eficiencia.

Esta alternativa permitiríalles ser máis eficientes sen altera-la estrutura da propiedade e, polo tanto, sen reduci-lo número de familias que dispoñen dunha fonte

de ingresos. Deste xeito, e na medida en que a produción de riqueza en termos de eficiencia se acompaña da súa distribución equitativa, estaríase a conseguilo obxectivo de benestar social. Máis aínda, a existencia dentro desa rede dunha central de vendas como é OPMEGA, cuns mecanismos de asignación das vendas que procuran a igualdade de oportunidades de venda dos produtores, reforza os mecanismos de redistribución de rendas.

5. A PRODUCTIVIDADE

De cara a unha maior precisión no coñecemento do papel da man de obra na miticultura, unha visión complementaria será a que nos proporciona a análise da produtividade da man de obra, concepto que expresa o número de unidades de outputs producidas por cada unidade dun factor, neste caso o traballo. Eludimos pois, premeditadamente, o tratamento da produtividade total dos factores, xa que consideramos que excede o obxecto deste artigo, centrado exclusivamente no factor traballo, aínda que non renunciamos a afondar nesta vía en futuras investigacións.

Como valor do output tomamos o Valor Engadido Bruto (VEB) xerado por esta actividade no ano 1995, xa que é un indicador axeitado da riqueza xerada por esta actividade e, ademais, permítenos unha comparación homoxénea con contornos máis amplos que nos facilitarán a contextualización dos datos. En canto ó factor traballo expresámolo mediante o número total de empregos, xa que o carácter diferencial da estrutura laboral da miticultura impide a realización doutras medicións en termos comparables con contornos externos a esta actividade. En particular, resultaría difícil saber qué parte das rendas mixtas xeradas corresponde á remuneración do traballo.

Táboa 8.- Productividade do emprego, 1995

	TOTAL SECTORES ESPAÑA	PESCA ESPAÑA	TOTAL PESCA GALICIA	MITICULTURA GALEGA
VEB (millóns ptas.)	72.962.148	315.060	138.066	6.248
Emprego	13.228.569	97.642	37.983	5.331
VEB por emprego (ptas.)	5.515.498	3.226.685	3.634.941	1.172.089

FONTE: *Renta Nacional de España... 2000*; TIOPC 95 e elaboración propia.

Cómpre indicar que a análise deberá tomarse con certa prudencia, xa que se están a empregar dúas fontes de datos non homoxéneas: a proporcionada polo BBVA, e a derivada das TIOPC 95 e das enquisas realizadas para a súa confección, xa que estas son as únicas fontes dispoñibles. Non obstante, pensamos que o resultado acadado é reflexo das características diferenciais da miticultura con respecto a outras actividades.

Se comparámo-la produtividade da miticultura galega tomando para tal efecto o valor do output que cada empregado é capaz de producir, vemos que esta equivale á terceira parte da produtividade do sector pesqueiro galego e á quinta parte da do conxunto dos sectores productivos en España, polo que podemos afirmar, unha vez contextualizada, que é baixa.

Pódese dicir que no ano no que se realizaron as enquisas o resultado en termos de produción foi anormalmente baixo, xa que os prolongados peches dos polígonos por causa das mareas vermellas impediron a saída de parte da produción ó mercado. Esta situación puido influír no número de empregos, que era de esperar que fora inferior á media doutros anos, aínda que pensamos que debe gardar unha certa relación co descenso da produción, sobre todo tendo en conta a elevada flexibilidade do mercado laboral da miticultura, polo que non cremos que esta cuestión sexa susceptible de trocar substancialmente o resultado en termos de produtividade. Así mesmo, é oportuno lembra-la influencia, xa comentada no apartado anterior, que a imputación ás axudas familiares de dedicación a tempo completo ten sobre a medición.

Na medida en que o resultado depende tanto do valor acadado pola produción coma do valor ou número de unidades dos factores empregados, é oportuno realizar unha breve reflexión sobre estes condicionantes. Comezaremos polo papel desenvolvido pola remuneración do traballo, para tratar a continuación a cuestión do valor da produción.

En canto á remuneración do factor traballo, a análise practicada vese limitada polas fontes estatísticas dispoñibles, sendo particularmente necesaria a integración de valoracións cuantitativas e cualitativas.

Táboa 9.- Custo por asalariado na miticultura galega, 1995

	TOTAL SECTORES ESPAÑA	PESCA ESPAÑA	TOTAL SECTORES GALICIA	TOTAL PESCA GALICIA	MITICULTURA
Custos persoal (millóns ptas.)	35.545.472	171.092	1.879.488	64.871	1.751
Emprego asalariado	10.111.033	75.690	595.499	28.137	1.160
Custo por asalariado (ptas.)	3.515.513	2.260.431	3.156.156	2.305.541	1.509.819
% custos persoal sobre VEB cf	48,74	54,30	44,77	46,99	28,03

FONTE: *Renta Nacional de España... 2000*; TIOPC 95 e elaboración propia.

A remuneración por asalariado na miticultura galega resulta notablemente inferior á existente en calquera dos contornos no que a situamos. É menos da metade da media do conxunto dos sectores da economía española e notablemente inferior á media do conxunto da pesca, por citar só dous datos suficientemente significativos.

En definitiva, a táboa 9 permítenos establecer que, en primeiro lugar, a remuneración que cada asalariado recibe na miticultura é baixa, se a comparamos con outras actividades asimilables. E, en segundo lugar, que os custos de persoal acadan

unha dimensión reducida con respecto ó VEB. Esta última cuestión débese a que unha boa parte da remuneración da forza de traballo, en particular dos propietarios de pequenas explotacións que actúan baixo o réxime de autónomos (que como se viu concentra unha boa parte do emprego), se realiza mediante as rendas mixtas, que se contabilizarían dentro do Excedente Bruto de Explotación. Así mesmo, unha boa parte desa forza de traballo carecería de compensación económica específica: as axudas familiares.

Cabería preguntarse se a remuneración que as familias propietarias de explotacións reciben por ofrece-lo seu traballo como autónomos ou como axudas familiares é, a diferenza dos salarios, elevada. O certo é que dificilmente isto pode ocorrer, xa que o reducido valor xerado por emprego impide que a marxe con respecto ós custos poida ser suficientemente ampla como para proporcionar unha alta remuneración. Esta idea vese reforzada polo baixo valor de mercado que nesta época acadaba esta produción.

Polo tanto, a remuneración do traballo non é elevada na miticultura, tanto se falamos de asalariados como se nos referimos a non asalariados. De feito, a viabilidade económica da miticultura repousa en boa medida no baixo prezo ó que as familias entregan o seu principal recurso: a capacidade de investir tempo e esforzo na produción. Deste modo, o baixo custo do factor traballo é a contrapartida do emprego intensivo da man de obra e é o elemento que contrarresta a baixa produtividade medida en unidades de emprego.

Ademais, como apuntaban as cifras de VEB por emprego, o valor da produción non é elevado, o mexillón é un produto barato, polo que unha parte do problema se centra no denominador. É máis, se seguíramos historicamente a evolución dos prezos do mexillón e comparáramo-lo seu incremento co doutras especies asimilables: ameixa, ostra, berberecho, etc., veríamos que o incremento do prezo do mexillón foi drasticamente máis cativo có dos restantes produtos (Rodríguez, 2000). Polo tanto, en definitiva, tamén existe un problema histórico de valorización do produto.

De feito consideramos que o baixo valor de mercado deste produto é o estrangulamento que impide a optimización dos recursos, en particular, do traballo nesta actividade. O incremento do valor unitario indubidablemente melloraría por si mesmo o resultado en termos de produtividade, pero ademais permitiría unha máis alta remuneración do traballo, de modo que se incentivaría unha maior especialización do emprego. Actualmente, o modo de organización do traballo está relacionado coa necesidade das familias de dispoñer de fontes de ingresos complementarias.

Esta especialización provocaría un emprego máis eficiente da man de obra e abriría o camiño para sucesivas melloras na organización do traballo que, á súa vez, contribuirían a mellora-los resultados desta actividade e apuntalarían o seu desenvolvemento e modernización.

6. CONCLUSIÓNS

Os distintos condicionantes internos e externos ós que ó longo da súa historia se viu sometida a miticultura determinaron as eleccións que en cada caso este subsector tivo que tomar, entre elas o carácter intensivo da man de obra. Tal elección permitía a supervivencia da actividade productiva e a satisfacción das necesidades das familias produtoras, aínda sendo estas as que trasladaban cara a elas o baixo valor unitario do produto.

Mais acontece que, na actualidade, a miticultura debe asumir novos esforzos a prol da competitividade e as eleccións que no seu momento respondían ós condicionantes do sector actualmente requiren de certas correccións para afrontar novos retos. Referímonos, particularmente, á cuestión da eficiencia no emprego da man de obra, sobre todo nas explotacións de entre unha e dúas bateas, pero tamén nas de ata dez bateas pode e debe ser mellorada se se quere incrementa-la competitividade e a rendibilidade das explotacións.

Por outra banda, a mellora da eficiencia non significa nin moito menos a ruptura co modelo de economía social que seguiu esta actividade nin coa súa idiosincrasia senón, pola contra, pode resolverse cun maior desenvolvemento da potencialidade que reside na actual estrutura asociativa. A estes efectos cómpre a incorporación de novas funcións na organización do traballo máis alá dos labores de xestión ou de comercialización, fórmula que lles permitiría acadar maiores economías de escala e responder en maior medida ós retos da competencia.

Ese modelo intensivo en man de obra, aínda que consideramos que contribúe substancialmente ó benestar social, provoca que a produtividade do traballo medida en función do volume de man de obra empregada resulte baixa. Sen embargo, ese resultado non é consecuencia exclusiva do modo de emprego do traballo, senón tamén do baixo prezo acadado por este produto no mercado.

Pero, ademais, os baixos prezos non só son uns dos determinantes dos resultados das medicións, senón que supoñen un freo ó aumento da eficiencia pola vía da especialización. Namentres os ingresos desta actividade non abonden para completa-lo orzamento familiar, os produtores desenvolverán outro tipo de actividades. En sentido contrario, a adopción de estratexias de valorización da produción que contribúan á mellora dos prezos en condicións nas que os custos medren en menor medida, darán lugar a incrementos do beneficio. Deste modo non só mellorarán os ratios como consecuencia da suba dos prezos, senón que existirá un estímulo ós produtores para que centren o seu esforzo na miticultura. Dado que a especialización leva aparellado o desenvolvemento e o perfeccionamento de capacidades específicas, actuará impulsando melloras da eficiencia.

Para os efectos de conseguir maiores ingresos para os produtores, existiría a vía de incrementa-la produción, pero baixo as actuais condicións naturais, tecnolóxicas e administrativas esta posibilidade está pechada.

En definitiva, actualmente a miticultura galega fai propio o obxectivo de mello-ra-la eficiencia no emprego da man de obra, reto que para a súa resolución leva aparelado o de incrementa-lo prezo do produto.

BIBLIOGRAFÍA

- ÁLVAREZ PINILLA, A. [coord.] (2001): *La medición de la eficiencia y la productividad*. Madrid: Pirámide.
- ANDREU, B. (1989): “Sobre el cultivo del mejillón en Galicia”, en *Escolma de traballos sobre o mexillón en Galicia (1955-1989)*. Xunta de Galicia.
- BECATTINI, G.; RULLANI, E. (1996): “Sistemas productivos locales y mercado global”, *Información Comercial Española*, núm. 754. Madrid.
- CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE MEXILLÓN DE GALICIA (2000): *Análisis estratéxico del sector mejillonero gallego: las bases para un plan director*.
- DEFOURNY, J. (1987): “Orígenes, contextos y funciones de un tercer gran sector”, en *Economía Social: entre economía capitalista y economía pública*. Valencia: CIRIEC.
- DURÁN NEIRA, C.; ACUÑA CASTROVIEJO, R.; SANTIAGO CAAMAÑO, J. (1990): *El mejillón. Biología, cultivo y comercialización*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia.
- FUNDACIÓN BANCO BILBAO VIZCAYA (2000): *Renta nacional de España y su distribución provincial : año 1995 y avances 1996-1999*. Bilbao.
- GARCÍA NEGRO, M.C. [dir.] (1997): *Táboa input-output da pesca-conserva galega. 1995*. Xunta de Galicia, Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.
- GARCÍA NEGRO, M.C. (1998): *Modelo de crecemento económico desde un sector considerado tradicionalmente primario*. (Inédito)
- GONZÁLEZ LAXE, F. (1999): *Desafíos estratéxicos de la acuicultura marina en España. Productividad, competitividad y regulación*. A Coruña: Instituto de Estudios Económicos de Galicia Pedro Barrié de la Maza.
- IGE (1999): *Estatísticas do mercado de traballo. Anuario 1997*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- MAPA (2000): *Borrador del Libro Blanco de la Acuicultura en España*.
- MIGUEL DOMÍNGUEZ, J.C. DE; CASTRO COTÓN, M.; MIRADA TORRADO, F.M. (1996): “El sector mejillonero en Galicia: evolución y situación actual”, *X Reunión de Asepelt-España*. Albacete.
- MONZÓN, J.L. [dir.]: “La economía social, tercer sector de un nuevo escenario”, en *Economía Social: entre economía capitalista y economía pública*. Valencia: CIRIEC.
- PÉREZ DE GUZMÁN, T. (1974): *Las familias mariscadoras de la ría de Arosa. El eslabón más debil de la cadena*. Sevilla: Instituto de Ciencias de la Familia.
- PÉREZ SÁNCHEZ, J.A. (1996): *Las actividades agropecuarias y pesqueras en la Ría de Arosa. Dinámica e incidencia territorial*. Pontevedra: Deputación de Pontevedra.
- RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, G. (2001): *A economía da miticultura galega. Unha análise estrutural*. (Tese de licenciatura). Santiago de Compostela.
- UNIÓN EUROPEA (1999): *Forward Study of Community Aquaculture*.
- UNIÓN EUROPEA (2000): *Regional Socio-Economic Studies on Employment and the Level of Dependency on Fishing*.

Rodríguez, G.

A miticultura galega desde a perspectiva...

VÁZQUEZ BARQUERO, A. (1993): *Política económica local*. Madrid: Pirámide.

VÁZQUEZ BARQUERO, A. (1999): *Desarrollo, redes e innovación: lecciones sobre desarrollo endógeno*. Madrid: Pirámide.

XUNTA DE GALICIA (1999): *A comercialización e o consumo dos produtos pesqueiros galegos*.